

# Festival de Música Cidade de Lugo

## XLI SEMANA DE MÚSICA DO CORPUS

Do 31 de maio ao 12 de xuño - 2013

Entrada libre  
ata completar  
o aforo

### Primeiros concertos:

Venres, 31 de maio - **Círculo das Artes** - 20:30 h

#### **Real Filharmonía de Galicia**

**Ivor Bolton, director**

*Programa: Beethoven, Hindemith, Stravinski e Haydn*

Ivor Bolton, un dos directores de orquestra máis versátiles e activos de Inglaterra, é o Director Principal da Orquestra do Mozarteum de Salzburgo e con ela aparece cada ano no Festival de Salzburgo e en xiras por todo o mundo, dirixe regularmente no Covent Garden, Glyndebourne, Opéra National de Paris, Bayerische Staatsoper, Maggio Musicale Fiorentino e Lincoln Center New York.



Sábado, 1 de xuño - **Praza Maior** - Todo o día

**Musica In Lucensi Urbe:** Ao longo do sábado 1 de xuño, de 12:00 a 14:00 h e de 16:00 a 20:00h.

Música na rúa, na Praza Maior e aledaños. Varios pianistas e alumnos de Conservatorio e escolas de música.

Sábado, 1 de xuño - **Capela de Santa María** - 21:00 h

#### **Camerata Boccherini**

**Massimo Spadano, dirección**

*Concerti e Sonatas / Vivaldi, Brescianello, Handel e Couperin.*

O debut formal da Camerata Boccherini tivo lugar no ano 2003 no Festival de Música Cidade de Lugo e no Ciclo de Música Antiga, Barroca e Clásica de Tenerife. Máis tarde participou en prestixiosos ciclos como o "Liceo de Cámara" no Auditorio Nacional de Música ou o Festival de Música Antiga de los Pirineos.

Luns, 3 de xuño - **Círculo das Artes** - 20:30 h

#### **Boris Berman, piano**

*Programa: Debussy / Chopin*

Nacido en Moscova, Boris Berman deixou unha floreciente carreira na Unión Soviética para emigrar a Israel, onde rapidamente se estableceu como un dos artistas do teclado máis solicitados e unha das personalidades máis influentes deste país no ámbito musical. Na actualidade e dende hai anos, reside nos Estados Unidos de América onde dirixe o Departamento de Piano da Yale School of Music. Conta con unha trintena de gravacións de referencia, nomeado ao Grammy por algunha delas.



Martes, 4 de xuño - **Círculo das Artes** - 20:30 h

#### **La Nemica d'Amore fatta Amante**

(de G. Bononcini)

**María Espada** (soprano)

**Martín Oro** (contratenor) e **Furio Zanasi** (barítono)

**Vespres d'Arnadí, Orquestra barroca**

LA NEMICA D'AMORE FATTA AMANTE foi representada ao aire libre no Palacio Colonna o 10 de agosto de 1693. Encargada a Giovanni Bononcini para a festa de Lorenza Colonna, esposa do seu protector, marca o comezo do seu éxito internacional. Dunha fonte italiana da época, sábese que a representación foi suntuosa e toda Roma asistiu. Pode catalogarse como unha composición que está entre unha gran cantata e unha **pequena ópera**, debido ao pequeno desenvolvemento da trama.

